



**Expediente nº:** 147/2022

**Procedemento:** Proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para o Servizo de Axuda no Fogar

---

**BASES XERAIS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A  
CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE AS  
NOGAIS (LUGO)**

---

**PRIMEIRA. OBXECTO**

O obxecto destas bases é establecer as normas e procedemento xenérico para a creación dunha bolsa de emprego para cubrir prazas de persoal no Servizo de Axudano Fogar do Concello de As Nogais para a substitución en período de vacacións ou por circunstancias derivadas de incapacidades temporais das auxiliares de axuda no fogar contratadas na actualidade.

Nos postos de traballo que se cubran a través da bolsa de emprego, as persoas seleccionadas prestarán servizos, de carácter temporal, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poda encomendar a Alcaldía, que garden relación co posto a desempeñar e que afecten ao funcionamento do Servizo público descrito como esencial para a cobertura de necesidades prioritarias, urxentes e inaprazables.

Os/As traballadores/as prestarán os seus servizos nos lugares que lles sexan asignados pola persoa responsable de Servizos Sociais deste Concello tendo en conta ás persoas que sexan beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar.

Tódolos desprazamentos que fagan as persoas contratadas ao abeiro destas bases como consecuencia do exercicio das súas funcións realizaranse mediante vehículo propio ou calquera outro medio pola súa conta.

O contrato terá un período de proba de un mes. O non superar o período de proba supón que esa persoa quedará eliminada da lista de forma definitiva. Tamén quedarán eliminadas da lista aquelas persoas que renuncien á praza sen causa xustificada ou as que teñan un mínimo de tres apercibimentos escritos por incidencias no traballo.

As probas selectivas seralles de aplicación, no non previsto nas presentes bases, a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, de 22 de xuño, reguladora da Administración Local de Galicia, Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e demais disposicións aplicables.





## SEGUNDA. CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO

A modalidade, a xornada e a duración dos contratos será a fixada nos mesmos en función da necesidade para a que se efectúe a contratación.

A xornada e a duración dos contratos de traballo formalizaranse baixo a modalidade contractual eventual por circunstancias da produción, de acordo co disposto no artigo 15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro trala modificación introducida polo artigo primeiro, tres, do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro.

As retribucións serán as establecidas para postos similares do propio Concello.

## TERCEIRA. REQUISITOS

Para ser admitidas neste proceso de selección as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ter nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
  - As persoas que posúan nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.
  - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Ter capacidade para ser contratado/a conforme ao disposto no Estatuto dos Traballadores.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa compatible co normal desempeño das funcións correspondentes ás prazas obxecto da convocatoria.
- d) Non ter sido despedido/a ou separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.





- e) Non atoparse incurso/a nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.
- f) Estar en posesión de carné de conducir B e dispoñibilidade de vehículo ou compromiso de posibilidade de desprazarse ao centro de traballo. As persoas candidatas ao proceso de selección deberán dispor de medios propios para desprazarse aos diferentes lugares do termo municipal onde se deban desenvolver as tarefas relacionadas co traballo por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo (art. 56.3 do EBEP).
- g) Terán preferencia as persoas que estean en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, ou aqueles outros títulos que acrediten a cualificación profesional do persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar segundo a normativa vixente.

As persoas que non estean en posesión da devandita titulación ou certificado de profesionalidade poderán formar parte da bolsa, ocupando na mesma postos inferiores ó das persoas que acrediten a devandita titulación ou dispoñan do certificado de profesionalidade, por orde de puntuación.

#### CUARTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As persoas interesadas en formar parte deste proceso selectivo presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases, facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse á Alcaldía do Concello de As Nogais. Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello de As Nogais ou mediante algunha das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas **no prazo de cinco días hábiles dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**. Se o último día fose sábado, domingo ou festivo o prazo rematará o día hábil seguinte.

A convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello (<https://concelloasnogais.sedelectronica.gal>) e os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicarase na sede electrónica do Concello.

Unha vez publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, as bases estarán a disposición de calquera persoa interesada.

As instancias debidamente cubertas, achegarase os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:





- Copia cotexada do DNI ou pasaporte. Ademais, as persoas aspirantes estranxeiras deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Declaración xurada de que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).
- Copia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración no concurso. A non acreditación dos mesmos determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderán subsanarse.
- Informe de vida laboral actualizado xunto cos contratos de traballo ou certificado de servizos prestados.
- 

Toda a documentación que se achegue deberá presentarse compulsada ou en orixinal para a súa compulsa polo Rexistro.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes por Resolución de Alcaldía acordarase a aprobación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Na mesma Resolución que aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas designarase o tribunal cualificador e a data da súa constitución, así como a data, hora e lugar en que se realizarán o exame, a entrevista e a valoración de méritos.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de **dous días naturais**, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, para poder emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. Se o último día fose sábado, domingo ou festivo o prazo rematará o día hábil seguinte. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. No caso de non presentarse reclamacións polas persoas aspirantes excluídas (de existir) a lista publicadaterá carácter definitivo. De non existir persoas aspirantes excluídas, a Alcaldía poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma Resolución de aprobación.

## QUINTA. SELECCIÓN

Mediante concurso - oposición segundo o disposto no apartado sexto das presentes bases entre as persoas candidatas que presenten no Concello a súa solicitude para participar na convocatoria dentro do prazo de presentación de instancias. Para a valoración dos méritos e documentación presentada formarase unha Comisión de Valoración formada por un/unha presidente/a, un/a secretario/a e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público nomeados por Resolución da Alcaldía que se publicará coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.





## SEXTA. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección farase de conformidade cos seguintes criterios e puntuacións:

### EXAME: 6 PUNTOS

Consistirá nun exercicio de 10 preguntas tipo test, que versará sobre aspectos de coñecementos xerais sobre o funcionamento dun concello, procedemento administrativo así como sobre coñecementos específicos en relación as funcións a desenvolver no posto de traballo, segundo o temario que se indica a continuación:

O tempo máximo para realizar esta proba será de 30 minutos. Cualificarase de 0 a 6 puntos valorándose cada pregunta con 0,60 puntos.

A data e hora de celebración deste exercicio determinarase pola Comisión de valoración nunha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a lista provisional de admitidos ao proceso.

### Temario

1. A Constitución Española de 1978. Principios xerais e valores que a inspiran. Principais institucións políticas. Dereitos e deberes fundamentais.
2. O réxime local español. O municipio. Organización básica municipal. Competencias dos municipios.
3. Dereitos e deberes dos empregados públicos.
4. Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia. Obxecto. Sistema galego de Servizos Sociais.
5. Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar.
6. Ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de As Nogais.
7. Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atencións persoas en situación de dependencia. Concepto de dependencia, graos e niveis.
8. Termo municipal de As Nogais: parroquias, lugares e vías de comunicación. Servizos existentes no municipio, en especial de carácter sanitario.

### FORMACIÓN: 2 PUNTOS

Estar en posesión de cursos formativos homologados de auxiliar de axuda a domicilio ou asistencia sociosanitaria a persoas no domicilio, auxiliar de enfermería en xeriatria, cuidador de discapacitados físicos e psíquicos, cursos de xerontoloxía, de atención de persoas dependentes, ou outros relacionados co posto de traballo impartidos polos organismos oficiais competentes ou por centros homologados. Ata un máximo de **2 puntos** segundo o baremo seguinte:

- Por cada curso de duración inferior a 50 horas lectivas: 0,25 puntos/curso
- Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas: 0,50 puntos/curso
- Por cada curso de duración de máis de 100 horas lectivas: 1,00 puntos/curso





C.I.F.: P-2703700A · Rosalía de Castro, s/n · C.P. 27677

Acreditaranse mediante diplomas expedidos polas Entidades ou Organismos convocantes no que debe constar a duración do curso en horas e como mínimo o título do mesmo, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

### **EXPERIENCIA: 2 PUNTOS**

Experiencia profesional: Puntuarase ata un máximo de **2 puntos**, consonte a seguinte escala:

Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera Administración Pública ou empresa privada (0,05 puntos/mes de servizo). A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial prorratearanse segundo correspondae o resto de días soltos sumarán meses se alcanzan o número de 30 para cada mes.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, as persoas aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo acompañado da vida laboral, que poderá ser substituído por un certificado de servizos no caso de Administración Pública. Poderase admitir calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada.

Non se valorarán os méritos que non estean debidamente acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, o período traballado e número de horas.

No suposto de empate a puntos entre varias persoas aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia e de persistir o empate por exame. Só en último caso, por sorteo realizado polo tribunal de selección en presenza das persoas aspirantes afectadas.

### **SÉPTIMA. PUBLICACIÓN E RESULTADOS**

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas ao longo deste proceso.

A dita acta publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello ordenada de maior a menor puntuación.

Abrirase un prazo de dous días hábiles para poder presentar cantas reclamacións se estimen oportunas.





C.I.F.: P-2703700A · Rosalía de Castro, s/n · C.P. 27677

De producirse algunha reclamación, transcorrido o dito prazo, o Tribunal reunirse de novo para resolver as reclamacións presentadas e publicar a lista definitiva de puntuacións obtidas. No caso de que non houbera ningunha reclamación a lista inicial elevarase a definitiva.

Coa lista definitiva, o tribunal fará pública a relación de persoas aspirantes que constituirá a bolsa de emprego, pola orde de puntuacións obtidas e elevará a proposta á Alcaldía, que tras resolver sobre o nomeamento publicaraa no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica.

As persoas candidatas que non dispuxeren do requisito xeral referido na base terceira apartado g) ocuparán na bolsa postos inferiores, aínda que tiveran máis puntuación que as persoas candidatas que dispuxeren do mencionado requisito, de xeito que estas últimas (os que dispoñan de certificado de profesionalidade ou formación profesional correspondente) formarán parte da bolsa segundo orde de puntuación obtida no proceso selectivo, e seguidamente integrarán a mesma, tamén por orde de puntuación, as persoas candidatas que non dispuxeren do mencionado requisito que só poderán ser contratadas sempre que non haxa na bolsa persoas candidatas que dispoñan do mencionado requisito establecido na base terceira apartado g), e tan só poderán permanecer na mesma mentres non sexa obrigatorio o seu cumprimento e se manteña aprórroga da Xunta de Galicia para a súa esixencia.

O funcionamento desta bolsa de emprego rexeráse polas seguintes regras:

1. As persoas aspirantes ás que se oferte traballo deberán manifestar a súa opción, incluso verbalmente, no prazo de un día natural dende a comunicación. Para iso chamaráselle telefonicamente aos números que achegaron coa instancia.

A persoa encargada destas comunicacións deixará constancia das mesmas, con indicación da data, hora e sistema de contacto.

2. O chamamento efectuarase respectando a orde na que os integrantes figuren na bolsa, salvo que, por imposibilidade derivada da normativa laboral, non poda formalizarse con esa persoa aspirante o contrato requirido. O aviso realizase de forma individualizada para cada persoa a través do teléfono facilitado na instancia de solicitude. No caso de que **no día hábil** seguinte non se conseguise contactar coa persoa interesada procederase a chamar á seguinte persoa da bolsa de emprego e así sucesivamente, o mesmo que no caso de que algunha persoa manifeste a súa renuncia.

3. Unha vez finalizado o correspondente contrato laboral formalizado cunha persoa integrante da bolsa, esta se reincorporará á mesma, pasando a ocupar o último posto, unha vez que finalice o contrato laboral e sempre que o tempo de contratación total (con un ou varios contratos) co concello sexa igual ou superior a seis meses. Se o tempo é inferior ocupará o mesmo lugar que ocupaba ata o momento da contratación. De tratarse dunha persoa candidata que dispuxera do requisito referido no apartado g) da base terceira o último posto, cumprido o tempo de contratación total dos seis meses, será o que corresponda despois da última das persoas candidatas da bolsa que dispuxeren do mencionado requisito (formación profesional correspondente ou certificado de profesionalidade) e antes das persoas candidatas que non dispuxeren do mesmo.





A renuncia por causa xustificada (contrato laboral, situación de incapacidade temporal,...) non implicará a eliminación da lista, quedará en suspenso na mesma ata que volva a manifestar de forma expresa que quere reanudar os chamamentos en caso de que se produzan. Si a renuncia non é por algunha causa xustificada, dita persoa quedará automaticamente eliminada da bolsa de emprego, o mesmo si renuncia voluntariamente ao contrato unha vez iniciado este.

4. En ningún caso a mera pertenza á bolsa implicará dereito algún a obter contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización polos motivos que foran, se respectará o procedemento de chamamento regulado nestas bases. En todo caso, o Concello poderá convocar “*ex profeso*” un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que houbese constituída unha bolsa de emprego.

5. A bolsa de emprego poderase abrir, no momento no que o servizo municipal correspondente o considere oportuno, por non quedar efectivos na mesma en número suficiente para atender as necesidades que se presenten.

6. A vixencia de esta bolsa de emprego será de un ano, prorrogable a tres anos, sendo actualizada cada ano.

7. Causas de exclusión da bolsa:

- a) por vontade propia da persoa solicitante, mediante solicitude presentada no Rexistro Xeral deste Concello.
- b) por non ter presentado en tempo e forma a documentación necesaria establecida na base oitava.
- c) por non cumprir os requisitos de capacidade ou estar incurso/a en causa de incompatibilidade determinadas e aplicables ao persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- d) pola falsidade da documentación presentada xunto coa solicitude de participación nesta bolsa.
- e) por despido disciplinario.
- f) no suposto de que a/s persoa/s responsable/s de Servizos Sociais deste concello emita/n un informe onde se xustifique que a persoa contratada non realiza as funcións inherentes ao posto de traballo apropiadamente.

#### OITAVA. APORTACIÓN DE DOCUMENTOS

A persoa candidata seleccionada deberá de presentar nas oficinas do Concello, para os efectos de formalizalo correspondente contrato no prazo de **dous días hábiles** a documentación que de seguido se indica en orixinal ou fotocopia debidamente autenticada:

- Documento Nacional de Identidade e cartilla da seguridade social.
- Declaración de non estar incurso/a en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co Concello e de cumprir tódolos requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de







C.I.F. 02030001 | Dirección: Rúa do Castro, s/n - C.P. 27677

- Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
- Declaración de disposición de medios propios para realizar os desprazamentos propios desta ocupación aos respectivos domicilios.

Caso de que a persoa seleccionada non presente a documentación no devandito prazo, salvo os casos de forza maior, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incorrer por falsidade na instancia ou na documentación presentada. Neste caso formularase proposta de contratación a favor da seguinte persoa da lista que reúna os requisitos esixidos nas presentes bases.

### NOVENA. INCIDENCIAS


As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo a que se refiren as presentes bases poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos, termos e formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e o Real Decreto Lexislativo 2/2015 de

23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación o Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do EBEP.

As Nogais.  
O Alcalde-Presidente,  
Manuel Martínez Núñez

*\*Documento asinado dixitalmente á marxe*





## ANEXO I (MODELO DE INSTANCIA)

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_,  
maior de idade, con DNI \_\_\_\_\_ e con domicilio a efectos denotificacións en  
\_\_\_\_\_ número de teléfono \_\_\_\_\_

### EXPOÑO

Que sendo coñecedor/a da convocatoria e bases aprobadas por Decreto de Alcaldía do 8 de xuño de 2022, para a creación dunha bolsa de emprego de auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar que declaro coñecer e aceptar na súa integridade

### DECLARA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- a) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.
- b) Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- c) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calqueradas Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- d) Non estar incurso/a nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- e) Estar en posesión do permiso de conducir en vigor clase B1 e dispor dunvehículo para poder desprazarse dentro do termo municipal.

### SOLICITA:

Tendo por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ao efecto de ser admitido/a para tomar parte nas probas selectivas para a devandita convocatoria.

Á presente solicitude acompáñase unha fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente e dos documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos e dos méritos profesionais e académicos establecidos nas bases aprobadas nun total de \_\_\_\_\_ follas.

Declaro a autenticidade dos méritos presentados, así como dos datos que figuran nesta instancia.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022.

Asdo.:

**DIRIXIDO Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE AS NOGAIS**





Os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), proporcionánselle a seguinte información en relación ó tratamento dos seus datos.

#### RESPONSABLE DO TRATAMENTO

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de As Nogais, domiciliado en Rúa Rosalía de Castro s/n 27677 As Nogais.

#### FINALIDADE

No Concello de As Nogais tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas co fin da xestión de solicitudes de subvencións.

Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

#### LEXITIMACIÓN

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais encontra o seu fundamento no cumprimento da misión de interese público. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

#### DESTINATARIOS

Non está prevista a comunicación de datos a terceiros nin a transferencia internacional de datos.

#### DEREITOS

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre si, no Concello de As Nogais, estamos tratando datos persoais que lles atañan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder os seus datos persoais, así coma a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os/as interesados/as poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os/as interesado/as poderán opoñerse ó tratamento dos seus datos. O Concello de As Nogais deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

O/a interesado/a ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ó Concello de As Nogais nun formato estruturado, de uso común e lexible pola máquina. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito, foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados polo Concello de As Nogais de maneira automatizada (medios informáticos).

